



AUDITORIO DO PARQUE DE CASTRELOS

CONDICIÓN S DE ACCESO E UTILIZACIÓN DO RECINTO


ENTRADAS



- * As entradas NON son numeradas. Respetarase o acceso por quenda de chegada
- * Unha vez adquirida, a entrada non será cambiada, nin será devolto o seu importe.
- * A admisión queda supeditada ao feito de dispoñer da entrada completa en boas condicións.
- * A organización non se fai responsable das entradas que non se adquiriron nos puntos de venda oficiais.

ACCESO AO RECINTO

HORARIOS



- * Procurarase acudir ao concerto con suficiente antelación para poder realizar unha entrada escalonada. A apertura de portas farase dúas horas antes do inicio do concerto.
- * A Organización resérvase o dereito de alterar ou modificar o programa ou evento.

REXISTRO



* Ao entrar ao recinto, o público pode estar suxeito a un rexistro conforme ás disposicións legais vixentes. En beneficio da seguridade xeral común, para o acceso ao interior das instalacións, o público asistente está suxeito aos controis de seguridade e prevencións necesarias que a Organización determine, tales como a requisa (rexistro) de pertenzas (bolsos, riñoneras, mochilas, etc.) e o rexistro corporal superficial (cacheo). Ante a negativa a tales rexistros, será impedido o acceso da persoa ao recinto. Todo iso amparado na lexislación de seguridade privada. (Lei 5/2014, do 4 de abril, de Seguridade Privada. Art.32.1 a, b e c).

* A Organización poderá expulsar a calquera persoa que se comporte de forma agresiva, provoque disturbios no exterior ou na entrada, ou aqueles que poñan en perigo a orde pública.

OBXECTOS PROHIBIDOS



* Non se permitirá o acceso ao recinto con obxectos que entrañen risco para a seguridade. Achégase unha listaxe de obxectos **NON** permitidos dentro do recinto:

- Recipientes para comida a excepción dos de plástico, cartón ou papel de aluminio
- Recipientes para bebida de cristal, metal, etc. a excepción de botellas de auga de plástico sen tapón cunha capacidade máxima de 50 cl. E cun máximo dunha unidade por persoa
- Substancias estupefacientes e/o psicotrópicos ilegais.
- Paus selfie, trípodas de fotografía ou vídeo. Cámaras réflex con obxectivos intercambiáveis.
- Obxectos contundentes (peso superior a 300 grs.) HDs portátiles, baterías portátiles externas).
- Instrumentos musicáis.
- Cascos (moto, patinete, etc.), cadeas, cadeados tipo pitón.
- Armas de calquera tipo: brancas ou de lume, simuladas, etc. (kubotanes, bolígrafos tácticos, llaveros cara de gato para dedos).
- Puños americanos e caras de gato para o puño.
- Sprays de defensa ou calquera aerosol, incluídas bucinas de néboa.
- Bengalas, petardos ou calquera artificio similar.
- Paraugas de calquera tipo e globos.
- Punteiros láser, obxectos led e lanternas.
- Vehículos tipo bicicletas, skateboard ou patinetes., patíns.
- Calquera dispositivo de control remoto (drons, xoguetes, etc.)

- Coches ou cadeiras de bebe.
- Mobiliario portátil (cadeiras, mesas, neveiras, etc)

*Os obxectos que non podan introducirse no recinto poderán deixarse na **consigna** habilitado ao efecto.

RECORRIDOS E SAÍDAS DE EVACUACIÓN



* Os recorridos e saídas de evacuación deben permanecer libres en todo momento, para o cal deberán atender ás indicacións das persoas responsables da Organización e Seguridade no recinto.

* Nos espectáculos con cadeiras os espectadores deberán permanecer sentados.

ANIMAIIS



* Non se permite o acceso con animais de calquera especie agás cans ou cadelas de asistencia identificados como tal (Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.)

GRABACIÓN DO CONCERTO

* Non se permite a grabación do concerto con cámaras de vídeo ou fotográficas profesionais.

MENORES DE IDADE



* Os menores de 18 anos deberán presentar, xunto coa entrada, a AUTORIZACIÓN asinada pola nai/pai ou titor/a legal.

* Os menores de 16 anos só poderán acceder ao recinto acompañados do pai, nai, titor legal ou adulto responsable e deberán presentar AUTORIZACIÓN asinada. No momento da entrada deberá amosarse o dni e o libro de familia ou documento que xustifica a tutela legal.

* Un adulto/a responsable poderá acceder ao recinto cun máximo de 4 menores, dos que terá que facerse cargo en todo momento.

CONSUMO DE ALCOL E TABACO



* ESTÁ PROHIBIDO O CONSUMO E VENDA DE ALCOL E TABACO A MENORES DE 18 ANOS.

(Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. Lei 5/2018, do 3 de maio, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas na infancia e a

adolescencia.)

Pictogramas:

